



Textos vitrinas

Elas e o Seminario de Estudos Galegos

O número de mulleres e a súa participación no Seminario de Estudos Galegos foi minoritario: en total só presentaron 12 traballos de investigación no seminario, onde as socias activas foron un 5 % do total e as protectoras un 2 %.

Porén, representaron un cambio social significativo, xa que pasaron a formar parte desa minoría social aburguesada que comezaba a abrir unha cuña en espazos que tradicionalmente eran exclusivos do xénero masculino.

Eran parte desas mulleres "modernas" que buscaban desenvolver as súas capacidades por medio dunha carreira profesional e non cun bo casamento.

Persoas brillantes, destacadas, parte desa elite intelectual universitaria que se preocupou por estudar Galicia a fondo para fomentar o seu desenvolvemento.

O golpe de Estado do 36 e o franquismo posterior tronzaron de parte a parte estas interesantes e renovadoras iniciativas.

Tanto o feminismo incipiente coma a reivindicación galeguista e o progreso intelectual foron perseguidos e condenados durante toda a ditadura, así coma as persoas que os representaron.

Quen eran esas mulleres? Que foi delas máis alá da súa relación co seminario?

En Alemaña estudan o galego!

Margot Sponer representa a parte feminina da dimensión internacionalista do Seminario de Estudos Galegos.

O seminario pretendía proxectar os seus estudos no exterior e ser recoñecido. A súa rede estatal e internacional de contactos foi moi extensa.

Algunha das mulleres socias, como Sara Leirós, logrou unha pensión da *Junta para Ampliación de Estudios* para estudar no estranxeiro.

Cando Margot visita Galicia en 1926, era unha estudante de filoloxía que buscaba documentación sobre o galego medieval para a súa tese de doutoramento. Rapidamente foi apreciado o seu labor polos compoñentes do seminario, que a propuxeron como socia.

No 1927, publica na revista *Nós* un artigo baixo o título “Algunhas notas dos meus estudos sobre filoloxía galega” e, en 1935, publica en Berlín a súa tese *Altgalizische Urkunden (Documentos antigos de Galicia)*.

Cando xa é profesora de español na Universidade de Berlín, recibe no seu departamento membros do seminario e intelectuais galegos que visitan Berlín para os seus estudos. Comentan dela que domina a lingua galega e que ten coñecementos profundos de literatura, arte ou folclore galegos.

Así como o proxecto do seminario foi truncado polo fascismo franquista, o nazismo hitleriano acabou co proxecto profesional de Sponer ao expulsala da universidade no ano 1942. E, á fin, en 1945 rematou coa súa vida, pois foi arrestada por membros das SS, os cales declararon horas máis tarde que Margot fora asasinada por mor da súa resistencia fronte a Alemaña.

Unha brillante bibliotecaria

Luisa Cuesta Gutiérrez foi a máis prolífica das socias do seminario: conta con máis de 30 publicacións ao longo da vida sobre bibliografía, historia ou dereito.

A súa valía fíxoa destacar sempre entre os seus compañeiros, maioritariamente homes.

Foi a primeira profesora universitaria española e a primeira muller en matricularse na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela. Conseguiu dúas licenciaturas (Filosofía e Letras e Dereito) e dous doutoramentos (Historia e Dereito).

Compaxinou estudos e investigación cos seus traballos de mestra, de profesora universitaria e de bibliotecaria.

Os seus traballos foron premiados en varias ocasións:

- Premio Duquesa de Alba
- Premio Sr. Yagüas Messía
- Premio do Presidente de Arxentina e Premio do Monarca Alfonso XIII
- Premio Bibliográfico Nacional do Ministerio de Educación (por dúas veces)

O seu primeiro destino como bibliotecaria foi Santiago, onde contactou co seminario.

Foi a última directora republicana da Biblioteca Nacional de España, onde se encargou de protexer o patrimonio bibliográfico incautado nos tempos da guerra e depositado na BNE.

Estivo afiliada aos sindicatos da ensinanza da UXT e ao de bibliotecarios, e tamén ao Partido Comunista. Formou parte da Fronte Popular de Funcionarios e da Asociación de Amigos da Unión Soviética.

Debido a isto, tras o éxito do golpe militar fascista, sofre purga e persecución, destínana forzosamente a outras bibliotecas con redución de soldo e, ata 1945, non se lle permite volver á Biblioteca Nacional de España. Aínda que despois consegue viaxes de estudos ao estranxeiro, onde continúa coas súas investigacións, vive e traballa marxinalmente.

A pintora do seminario

María del Carmen Corredoira Ruiz de Baro (**María Corredoyra**) ingresa en 1928 no seminario, e presenta a súa obra *Cabeza*.

É a representante feminina da Sección de Arte e Literatura do seminario dirixida por Castelao, co que se suma a esa orientación da arte que pretendía difundir a galeguidade polo mundo.

Ao igual ca outras socias, será unha das primeiras mulleres que entrará en redutos masculinos: membro directivo da Asociación de Artistas da Coruña (1934, foto) e membro de número da Real Academia Provincial de Belas Artes da Coruña (1938).

Foi profesora de debuxo na Escola de Artes e Oficios da Coruña. A prensa recollía asiduamente a súa participación nas exposicións. A súa obra mereceu distincións, como a Medalla de Ouro na Exposición Rexional de Santiago en 1926.

A súa relixiosidade cristiá e a ideoloxía monárquica e conservadora vana levar a vincularse a organizacións relixiosas e conservadoras.

A artista coruñesa creou unha pintura chea de humildade, moi persoal, afastada dos movementos coetáneos, e destaca na representación de interiores cheos de misticismo e melancolía. Conxuga un excelente debuxo coa sutil captación do espazo, sen estridencias de luz nin de cor.

As demais socias activas

Aínda que o seminario desapareceu abruptamente, moitas das súas socias levaron consigo a semente do labor investigador. Malia que xa non se centraron no estudo de Galicia, moitas seguiron profundando nos seus estudos. E todas despregaron as súas capacidades e formación para destacar socialmente e abrir camiños novos para as mulleres.

Pura Lorenzana Prado ilustra mellor ca ningunha o éxito profesional e social. Foi unha desas brillantes e carismáticas persoas que se abren paso en todos os lugares, e chegou a ser a única muller entre moitos homes (colexios profesionais, padroados...)

Ocupou cargos públicos no goberno e na administración, fundou e dirixiu o Instituto Rosalía de Santiago e foi historiadora. Recibiu tamén a Encomenda de Afonso X polos seus méritos profesionais.

Sara Leirós Fernández foi profesora universitaria, conferenciante habitual, ocupou cargos en centros universitarios, investigou sobre pedagogía e publicou varias obras.

Carmen Sierra Domínguez foi a primeira muller socia do seminario, profesora, activista política e membro do Partido Comunista, polo que foi condenada a catro anos de prisión.

Encarnación Fraga Padín, Dolores Lorenzo Salgado e Amparo Arango Fernández foron químicas e farmacéuticas que traballaron no laboratorio de Isidro Parga Pondal e publicaron traballos de investigación.

A primeira foi membro da *Sociedad Española de Física y Química* e a segunda a primeira docente na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela e unha das cinco primeiras mulleres galegas en publicar na revista *Anales de la Sociedad Española de Física y Química*.

Celsa Pérez Moreiras traballou no Laboratorio de Bromatoloxía do seminario e logo no de Farmacia Militar de Santiago. Tamén publicou traballos con outros investigadores, como Gregorio Marañón ou Aniceto Charro Arias.

Protectoras e algo máis

Poucas foron as que exerceron exclusivamente de protectoras do seminario, a maioría fixeron algo máis ca achegar doazóns nas súas vidas.

Carmen Pardo Losada, por exemplo, foi directora da Escola Normal de Mestras de Lugo e catedrática de Pedagogía e ocupou cargos nas xuntas de ensinanza.

O seu prestixio profesional foi recoñecido coa Cruz da Orde de Afonso X O Sabio.

Daríá González García-Paz continuou a defender a causa galega na política: militou no Partido Galeguista, foi concelleira de Pontevedra por Unidade Galega e tenente alcalde de Cultura.

Foi socia fundadora da Fundación Alexandre Bóveda e participante na Xunta da Fundación Castelao. Foi premiada e moi recoñecida na cidade de Pontevedra.

Emilia Álvarez Álvarez foi farmacéutica e pertenceu á Sociedad Española de Física y Química. Deu conferencias e escribiu en defensa da igualdade das mulleres e da cultura galega.

O mecenado de **Ángela Santamarina Alduncín**, condesa de Ouselle, permitiulle ao seminario publicar os primeiros tomos dos *Arquivos*. As súas doazóns ao seminario só eran superadas polas das institucións.

Non podemos esquecer a traxectoria doutras mulleres relacionadas co seminario, as usuarias da súa biblioteca, como María Ignacia Ramos Díez (**María Silgar**) que, á parte de publicar a súa propia obra, colaborou na sombra en todos os traballos do seu home (Ricardo Carvalho Calero, membro do seminario) e influíu na súa obra literaria.

Ou **María Tobío**, que traballou no Centro de Estudios Históricos de Madrid e foi bibliotecaria e escritora.